

DETALLES ORGANIZATIVOS IMPORTANTES DO SEMINARIO

- A actividade comeza no IES “Félix Muriel” de Rianxo o **venres, día 8**, a partir das 16.30 h.
- O **sábado, día 9**, o autobús do Seminario parte do propio IES “Félix Muriel” de Rianxo a iso das 8.45 h., facendo as seguintes paradas.
 - a) Santiago - Palacio de Congresos (no amplio aparcadoiro onde poden quedar vehículos particulares): 9.30 h., aprox.
 - b) Guitiriz - Área de servizo da autovía A-6 (tamén con amplio aparcadoiro para deixar vehículos particulares): 10.15 h., aprox. (15 min. de parada).
 - c) Chegada ao Candedo (parroquia e concello de Ourol): 11.30 h., aprox. (ver mapa de situación na imaxe que se achega).
- A partir deste momento iniciarase o percorrido organizado de todos os asistentes. Aquelas persoas que teñan o seu vehículo no Candedo, poderán levalo ata o Hotel "Thalasso Cantábrico" (Covas-Viveiro), pois é o primeiro punto de paso, despois de Ourol, para chegar ao Vicedo. Poderán facerse cargo del de novo ao final da xornada.
- O **domingo, día 10**, a partida realizarase, despois da conferencia de primeira hora, desde o propio Hotel "Thalasso Cantábrico". As persoas que teñan o seu vehículo alí deberán levalo, pois non se volverá a este lugar.